



*RESOLUCIÓN do 6 de setembro de 2024 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licenzas por formación para o curso 2024/25 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as súas bases de concesión.*

De conformidade co establecido no punto oitavo da Resolución do 5 de xullo de 2024 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2024/25 destinadas ao funcionariado docente non universitario,

RESOLVO:

Primeiro. Adxudicarlles as licenzas por formación ás persoas que se relacionan no anexo desta resolución.

Segundo. De acordo co establecido no punto segundo da resolución de convocatoria, ofertáronse castro modalidades de licenzas por formación, tres delas retribuídas e unha sen retribución. Dentro do período de desenvolvemento establecido na propia resolución, o profesorado beneficiario puido escoller o período de disfrute da súa licenza.

Terceiro. O profesorado beneficiario das licenzas por formación queda obrigado ao cumprimento do recollido no punto décimo da resolución da convocatoria (Obrigas das persoas beneficiarias), e a respectar o recollido no punto décimo segundo (Incompatibilidades). Non cumprir o anteriormente exposto dará lugar á activación do contido do punto décimo terceiro da resolución de convocatoria (Responsabilidades por incumprimento).

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia; universidades e Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Jesús Manuel Álvarez Bértolo  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

